

Resolución do 22 de marzo de 2017, da comisión de selección designada para cualificar o proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñeiro Técnico Forestal, resultante do período de actualización de listas, convocado por resolución do 22 de setembro de 2016 do Director-Xerente (DOG 30 de setembro de 2016), pola que se aproban e se fan públicas as listas provisionais de candidatos admitidos e excluídos e se abre o período de emendas.

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñeiro Técnico Forestal, resultante do período de actualización de listas, convocado por resolución do 22 de setembro de 2016 do Director-Xerente (DOG 30 de setembro de 2016) e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar as listas provisionais de admitidos e excluídos.

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.2 e nas bases específicas 1.4.2, acordou aprobar as listas provisionais de candidatos admitidos e excluídos ao proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñeiro Técnico Forestal, resultante do período de actualización de listas, convocado por resolución do 22 de setembro de 2016 do Director-Xerente (DOG 30 de setembro de 2016).

Segundo.- Facer pública as listas provisionais de candidatos admitidos e excluídos.

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.2 e nas bases específicas 1.4.2, acordou facer públicas as listas provisionais de candidatos admitidos e excluídos ao proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñeiro Técnico Forestal, resultante do período de actualización de listas, convocado por resolución do 22 de setembro de 2016 do Director-Xerente (DOG 30 de setembro de 2016) que figuran como ANEXO á presente resolución, e con indicación, no caso dos candidatos excluídos, da causa determinante da súa exclusión.

Terceiro.-Emendas.

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.3 e nas bases específicas 1.4.3, os candidatos excluídos disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta

resolución na páxina web de SEAGA, para poderen efectuar reclamacións ante o Director-Xerente de SEAGA e emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

As resolucións do Director-Xerente serán motivadas, se ben a estimación ou desestimación das reclamacións ou emendas entenderanse implícitas na resolución do Director-Xerente pola que se aproben e se fagan públicas as listaxes definitivas de candidatos admitidos e excluídos. De non haber reclamacións ou emendas, as listas previas de admitidos e excluídos enténdese aprobadas definitivamente.

Todas as emendas e/ou reclamacións dos candidatos, só poderán ser presentadas:


- nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº14, 15890 Santiago de Compostela – A Coruña, de luns a xoves, en horario de 9:00h a 14:00h e de 16:00h a 18:00h, e os venres de 9:00h a 14:00h.
- de luns a venres, en horario de 9:00h a 14:00 horas, nas oficinas sitas en:
 - Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
 - Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
 - Lgr. Cabanas - Salcedo, 54, 36143 Pontevedra.
 - Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.

Rematando o prazo de presentación de emendas e/ou reclamacións o día 27 de marzo de 2017 (inclusive).

A presentación de emendas e/ou reclamacións en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

Santiago de Compostela, a 22 de marzo de 2017.

A Presidenta da Comisión de Selección.



Asdo.- M^a Jesús Cobas Ríos.